

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUN XIMNASIO (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL). 09FEIL79.

Sendo as 13:30 horas do día 1 de abril de 2009, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Manuel Díaz Grandío, Concelleiro delegado de Deportes.
- Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Concelleira Delegada da Área de Muller e Benestar Social.
- Dona Luisa María Zarzuela González, Concelleira Delegada da Área de Servizos Xerais
- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Adxunto do Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Xefa da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.
- Asiste tamén dona Ana Fernández, en representantación da Federación Galega da Construción.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario informar que a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras considerouse correcta, a excepción da presentada pola empresa CONSTRUCCIONES TEIJEIRO CAMPOS, S.L., e na súa consecuencia procede á apertura dos sobres B, relativos ás ofertas económicas, das restantes empresas, sendo o seu detalle o seguinte:

FEGILCA, S.L. propón como prezo do contrato a cantidade de 329.809,39 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 28.710 euros, un prazo de execución de 6 meses, así como a empregar 10 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 7 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

JESÚS PENAS, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 329.809,39 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Ref#: ACTA APERTURA OFERTAS ECONOMICAS XIMNASIO.doc

Asunto:

obxecto do contrato de 39.896,24 euros, un prazo de execución de 22 semanas, así como a empregar 37 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 6 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

ANTALSIS, S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 329.809,39 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 1.000 euros, un prazo de execución de 7 meses, así como a empregar 5 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 3 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

GÓMEZ CRESPO, S.L. propón como prezo do contrato a cantidade de 329.809,39 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 5.557,58 euros, un prazo de execución de 6 meses, así como a empregar 17 traballadores con contrato anterior á publicación do R.D. L. 9/2008, así como a 8 novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social.

Tras un examen completo das ofertas, os integrantes da mesa, acordan enviar as ofertas a informe do Arquitecto Técnico Municipal don José María Seijas Fernández, a fin de que valore os seguintes criterios de adxudicación, de acordo coa puntuación recollida no prego de cláusulas administrativas particulares:

Incremento do período de garantía; Rapidez de resposta; Prazo de execución do contrato e programa de traballo; Estudio Técnico das obras;

E ós Servizos de Contratación e Intervención para valorar os criterios:

Número de traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto-Lei 9/2008 (2 de decembro de 2008) adscritos á obra e novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra; Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz